


A monarquía visigoda.

O Imperio Romano puido superar a **crise do século III** grazas ás importantes reformas políticas, administrativas e financeiras promovidas por Diocleciano e Constantino. Sen embargo, durante o século IV os problemas (crise fiscal, inflación, decadencia das cidades, debilidade militar) reproducíronse dificultando o mantemento da unidade e integridade do Imperio. Confirmouno no 395 o emperador Teodosio ao decidir a división do territorio imperial entre os seus fillos: Honorio, ao que entregou a metade occidental, e Arcadio, que recibiu a oriental.

Mentres o Imperio romano de Oriente sobreviviu, o de Occidente desintegrouse ao longo do século V deixando o seu espazo aos nacentes reinos xermánicos. O poder imperial, incapaz de afrontar os crecentes dificultades internas, veuse superado pola irrupción dos pobos bárbaros. Por múltiples razóns (empeoramento do clima, crecemento demográfico, presión doutros pobos), poboacións nómades ou seminómades orixinarias de Escandinavia e do Báltico movéronse cara o sur e o oeste na procura de pastos para os seus rabaños, terras e botín. Roma contivera o seu avance ata o século III e mesmo chegara a establecer con eles frutíferas relacións comerciais. Combatentes xermanos integráranse nas filas do exército romano e continxentes desta procedencia foran asentados no *limes*. Durante o século IV, o seu avance no interior do territorio romano tornouse incontible.

As migracións/invasións bárbaras



[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#). Tradución propia

Áreas de asentamento xermánico en Hispania (409-429)



P4K1TD [CC BY-SA 3.0], dende [Wikimedia Commons](#)

As invasións xermánicas na Península Ibérica.

Contra o 375, os **hunos** chegaron ás estepas do leste da actual Europa procedentes de Asia. O seu avance vitorioso provocou unha serie de movementos en cadea nos pobos que vivían preto das fronteiras do Imperio romano. Primeiro os **godos** (376) e despois os **suevos**, **vándalos** e **alanos** (406) traspasaron o *limes* co obxectivo de protexerse e asentarse nas terras do Imperio. A incapacidade do goberno romano para controlar a conflitiva situación nas provincias occidentais fixo que distintos xenerais se proclamasen emperadores e loitasen entre eles para se facer co control do poder en vez de se unir fronte á ameaza dos xermanos. A división interna, acompañada dun forte malestar social, favoreceu o avance dos invasores polas terras do Imperio. No 409, os suevos, vándalos (asdingos e silingos) e alanos que deambulaban polas Galias, aproveitando os enfrontamentos internos e a falta de tropas, irromperon nas provincias hispanas e, tralos saqueos iniciais, repartíronse o territorio.

Para recuperar o control das provincias hispánicas, Roma pactou cos **visigodos**, o pobo xermánico máis romanizado. En virtude dun **foedus** (418), os visigodos comprometíanse, en troques de terras na Galia (arredor de Tolosa), a someter aos rebeldes, protexer o territorio de novos ataques e exercer o goberno como representantes da autoridade imperial. Nesta condición, as forzas visigodas penetraron en Hispania en diversas ocasións. Aniquilaron aos alanos e contiveron a suevos e vándalos asdingos na Gallaecia. Os vándalos silingos, baixo o mando de Gundérico e Genserico, desprazáronse cara ao sur, cruzaron o estreito de Gibraltar e establecéronse no norte de África, onde crearon un reino (429). Mentres, os suevos fundaban o seu na Gallaecia con Hermérico (409-438) como rei, ao que sucederon Requila (438-448) e Requiario (448-456).

A progresiva perda de autoridade dos emperadores sobre Hispania fixo que o poder fose asumido en moitas áreas polos grandes terratenentes e as oligarquías locais hispano-romanas e que outras quedasen baixo o dominio dos xefes tribais.

Así mesmo, foi daquela cando se produciu a migración dos **vascóns** desde os vales pirenaicos cara ás zonas costeiras do actual golfo de Biscaia.

A formación do reino visigodo.

Desde o 418, os visigodos, como representantes da autoridade romana, penetraron en varias ocasións en Hispania para manter a orde e someter aos xermanos rebeldes, establecendo gornicións nalgúns puntos estratéxicos. Porén, a súa área principal de asentamento foi o sur da Galia, arredor de Tolosa, onde estableceron a súa capital. A **vitoria sobre os suevos** no río Órbigo (456) e a desaparición do Imperio romano en occidente no 476, deixou aos visigodos como donos absolutos do sur das Galias e de boa parte de Hispania. Pero, no 507, os visigodos foron derrotados polos **francos** en **Vouillé** e expulsados das Galias, onde só conservaron a Septimania ou Narbonense. Desprazáronse cara Hispania e asentáronse principalmente na zona central (uns 100.000 individuos fronte aos 4 millóns de hispano-romanos), fixando a súa capital en Toledo. Aínda así, boa parte de Hispania mantiñase independente ou autónoma do poder visigodo. Ademais, dende o 554, todo o litoral sur e sueste caeu baixo o dominio do Imperio romano de Oriente, constituíndo durante dous séculos a provincia bizantina de *Spania*.

O reino visigodo a finais do século V



Chabacano [CC-BY-3.0], Wikimedia Commons

A Península Ibérica a mediados do século VI



[Dominio público], Wikimedia Commons

Entre o 569 e o 623, os reis visigodos **Leovixildo**, **Sisebuto** e **Suintila** realizaron diversas campañas militares que lles deron o **dominio da case totalidade das terras peninsulares**. Estas campañas estiveron dirixidas contra as cidades e zonas hispanorromanas independentes da Bética (Corduba) e do Douro (Sabaria), contra as tribos indíxenas do norte (especialmente os vascóns), contra o reino suevo, sometido definitivamente no 586, e contra os bizantinos que ocupaban as costas meridionais (*Spania*). As sucesivas campañas remataron coa anexión de todos eses territorios. Só unha pequena zona do norte, habitada polos vascóns, permaneceu fóra do seu control, rodeada de guarnicións visigodas e suxeita a frecuentes rebelións e incursións.

Paralelamente, produciuse tamén a **paulatina fusión entre godos e hispanorromanos** gracias á autorización de contraer matrimonios mixtos e á conversión dos visigodos ao catolicismo con **Reccaredo** no 589. Á unificación territorial e relixiosa sumouse, no 654, a unificación xurídica plasmada no *Liber Iudiciorum*, recompilado por **Recesvinto**.

No século VIII, a nobreza visigoda dividiuse en **dúas faccións** que disputaron polo trono. O enfrontamento interno acadou o seu estado máis grave trala morte de **Witiza** (710). Unha parte dos nobres quixeron facer rei a un dos fillos de Witiza, mais a meirande parte escolleu como rei a Rodrigo. Esta división interna favoreceu a invasión musulmá no 711.

A organización política.

Ao longo de toda a súa existencia, o reino dos visigodos caracterizouse pola **inestabilidade política**, moi forte en determinados momentos. As guerras civís, as conspiracións e rebelións nobiliarias, as disputas internas e os derrocamentos e asasinatos dos reis foron moi frecuentes. Segundo a tradición xermánica, a **monarquía tiña un carácter electivo**: a asemblea de homes libres, formada polos guerreiros, debía ser a que entregase o poder por aclamación a un xefe, aínda que na práctica esa asemblea estaba reservada aos nobres. Ocasionalmente algúns monarcas conseguiron impor a sucesión nalgún dos seus fillos pero a nobreza resistiuse con éxito ás pretensións sucesorias dalgúns monarcas.

A partires dos séculos VI e VII, segundo foi perdendo importancia a asemblea e se foi estruturando o reino, aparecen outras **institucións** que serán fundamentais: o Oficio Palatino, a Aula Regia e os Concilios.

O reino visigodo e as súas provincias no século VII.



Tyk [CC BY-SA 3.0], dende Wikimedia Commons

Miniatura do s. X representando ao rei Recaredo e algúns bispos no III Concilio de Toledo (589)



[Dominio público], Wikimedia Commons.

Existe bastante confusión entre as dúas primeiras. A **Aula Regia** é a asemblea principal na monarquía visigoda, e está composta polo rei, os nobres de palacio (*magnates*) e outros nobres menos importantes (algúns duques e condes) máis bispos e outros eclesiásticos). Eran designados polo rei e só se reunía a petición deste e o seu labor era puramente consultivo. O **Oficio Palatino** ou *Palatium Regis* (casa ou palacio do rei), estaba formado por personaxes de alto rango que, co título de *comes*, estaban á fronte dos diferentes servizos da administración real e auxiliaban ao rei nas tarefas de goberno. Completaban este cadro os principais cargos políticos e militares da **administración territorial**: os *duces* provinciais (delegados da autoridade real en cada provincia), os *comites civitates* (gobernadores e xuíces das cidades), os *gardingos* (xefes militares).

Os **Concilios** convertéronse noutra institución importante da monarquía visigoda. En principio, eran reunións de bispos e outros dignatarios da Igrexa para tratar cuestións eclesiásticas. Uns tiñan carácter provincial e outros, reunidos en Toledo, alcanzaban a toda a monarquía. Sen embargo, a partir do III Concilio de Toledo (589), onde se formalizou a conversión de Recaredo ao catolicismo, estas asembleas pasaron a ser convocadas polo rei e a celebrarse coa asistencia deste e dos *magnates* máis importantes da nobreza hispanogoda, ademais dos bispos de maior relevancia. Deixaron de ser reunións eclesiásticas para se converter nunha institución fundamental da monarquía. Nelas lexislábase e acordábanse importantes decisións políticas.

Cómpre salientar que, trala conversión dos godos ao catolicismo, a xerarquía eclesiástica, con Isidoro de Hispalis como principal voceiro, tratou de impor unha **concepción teocrática do poder político**: o poder emana de Deus e o rei é só o seu depositario, polo tanto, a súa actuación fica sometida ás leis divina, da que a Igrexa é a única intérprete.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- DONADO VARA, J.; ECHEVARRÍA ARSUAGA, A.: *Historia Medieval, I (siglos V-XII)*, Madrid, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2014.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- GARCÍA MORENO, L.A.: *Historia de la España visigoda*, Madrid, Ed. Cátedra, Madrid, 1989.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.